



RESOLUCIÓN DO 19 DE MAIO DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO, POLA QUE SE ESTABECE A CELEBRACIÓN DE SORTEOS MEDIANTE REUNIÓN VIRTUAIS OU PRESENCIAIS PARA DIRIMIR OS EMPATES ENTRE ASPIRANTES DE PROCESOS SELECTIVOS PARA A OBTENCIÓN DE HABILITACIÓNS PARA O EXERCICIO DO MARISQUEO.

1. O Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, regula no seu capítulo III o permiso de explotación para marisqueo a pé, e no capítulo IV o permiso de explotación para recursos específicos.

2. A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, no seu artigo 6, define o procedemento para a obtención do permiso de explotación determinando que as solicitudes presentadas e que cumpran os requisitos establecidos serán valoradas de acordo cun baremo.

A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na sección 1ª do capítulo II, define os requisitos e o procedemento para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos. No artigo 11 indicase que o proceso de selección das solicitudes para obter o permiso estará suxeito ao baremo establecido por resolución da dirección xeral competente en materia de marisqueo.

Na sección 1ª do capítulo III da Orde do 30 de decembro de 2015, defínense os requisitos e o procedemento para a obtención das modalidades de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación. No artigo 27 indícase que o proceso de selección das solicitudes para obter as modalidades estará suxeito ao baremo establecido por resolución da dirección xeral competente en materia de marisqueo

3. En aplicación do disposto nas ordes mencionadas, os baremos actuais aprobados pola dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro son os seguintes, en todos os cales establecece como sistema de desempate entre solicitantes que acadan a mesma puntuación un sorteo público:

- a) A Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, aproba o baremo para a valoración das solicitudes para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé (DOG Núm. 223 , do 21 de novembro de 2013).





O punto 4 do anexo I establece que no caso de producirse empate na puntuación obtida, resolverase mediante sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.

- b) A Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, aproba o baremo para obter o permiso de explotación a pé para recursos específico (DOG Núm. 91, do 13 de maio de 2016).

O punto 5 do anexo I establece que no de empate na puntuación obtida, resolverase mediante sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.

- c) A Resolución do 22 de outubro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, aproba o baremo para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión e para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión (DOG Núm. 209, do 31 de outubro de 2013).

O punto 9 do anexo I da letra A establece no caso de empate tras aplicar o baremo, terá preferencia en primeira lugar, as embarcacións cuxas persoas armadoras sexan mulleres, e en segundo lugar, as persoas armadoras de menor idade. De persistir o empate, resolverase por sorteo público.

- d) A Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos (DOG Núm. 91, do 13 de maio de 2016).

O punto 8 do anexo I da letra A establece que en caso de empate na puntuación obtida, resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.

4. O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada por el COVID-19 (BOE Núm. 67, do 14 de marzo de 2020) entre outras medidas limita a liberdade de circulación para as persoas durante a súa vixencia, a cal foi prorrogada sucesivamente polo Real decreto 476/2020, do 27 de marzo, o Real decreto 487/2020, do 10 de abril, o Real decreto 492/2020, do 24 de abril, e o Real decreto 514/2020, do 8 de maio.





Ademais no Consello de Ministros do 28 de abril de 2020 aprobouse o plan para a desescalada, *Plan para la Transición hacia una Nueva Normalidad*, onde se establecen os principais parámetros e instrumentos para o levantamento das medidas establecidas no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo para conter a expansión da pandemia COVID-19. Nas distintas fases establécense medidas de fomento de medios non presenciais de traballo e a flexibilización de medidas de carácter social que afectan á liberdade de circulación.

5. A Xunta de Galicia, avanzando nas liñas preventivas acordadas no consello de 12 de marzo de 2020, e a través do Cecop, na súa reunión do 15 de marzo de 2020 aprobou o acordo mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19 (DOG número 51, do 15 de marzo), no cal se establecen, en liñas xerais, os postos que se consideran esenciais para os efectos da súa prestación laboral presencial e se xeneraliza o réxime de teletraballo.

Avanzando no proceso preventivo, por resolución do 8 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dáse publicidade a Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de maio de 2020, polo que se aproba o Protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19.

6. Na situación extraordinaria na que nos atopamos como consecuencia do COVID-19, determinar que os aspirantes dun proceso selectivo estean presentes fisicamente nunha reunión para o desempate, supón non ter en conta as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para as reunións segundo as modalidades a distancia e «on line» que se fan na maioría dos casos absolutamente necesarias.

Estas modalidades a distancia e «on line» deberían priorizarse na situación actual de estado de alarma declarado ante a situación de crise sanitaria, polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, e as súas prórrogas, no que a limitación de liberdade de circulación das persoas é unha das medidas adoptadas para a contención da pandemia provocada polo COVID-19, sen que, en ningún caso, poida prevalecer a súa funcionalidade sobre as condicións da legalidade que se deban cumprir.

O estado actual de desenvolvemento das tecnoloxías da información permite a celebración dos sorteos referidos aos interesados e público xeral sen que se produza un menoscabo da capacidade de comprobación da veracidade dos resultados.

Dende o punto de vista das novas tecnoloxías, que está a experimentar toda a actividade administrativa, non se ve obstáculo para que a celebración dos sorteos referidos poidan ser efectuadas dun xeito virtual, non presencial.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral
de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138



Tendo en conta as disposición derradeiras primeiras da Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para marisqueo a pé, e da Orde do 30 de decembro pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que facultan á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para o desenvolvemento das ordes, e para o caso de desempates entre aspirantes nos baremos mencionados,

RESOLVO:

Primeiro. Os empates de puntuación entre aspirantes de procesos selectivos que aplican os baremos mencionados resolveranse celebrando un sorteo mediante reunión virtuais empregando sistemas de videoconferencia, en presenza das persoas afectadas ou cunha modalidade mixta.

A xefatura territorial, en función do número de persoas afectadas, do avance das medidas preventivas e do plan de desescalada determinará as diferentes modalidades, as cales manteranse unha vez alcanzada a normalidade.

Segundo. Publicar o presente acordo na páxina web da Consellería do Mar na forma e para os efectos que determina o artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo
(sinatura electrónica)



Xacobeo 2021

